9/199 **APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. ANUALIDADE 2023.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Fomento, do 11 de abril de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Examinado expediente de referencia e vistos:

1.- Os informes dos xefes/as ou responsables das dependencias municipais, que figuran no expediente, relativos ás seguintes áreas nos que se sinalan as liñas estratéxicas de actuación para a concesión de subvencións, por parte do Concello de Lugo, a determinados sectores de persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou entidades privadas, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia administrativa local:

- ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL: SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

- ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

- ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES

- ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE MULLER E IGUALDADE

- ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES

- ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA: SERVIZO DE CULTURA

- ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA: CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

- ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

- ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

2. Informe proposta do Servizo de Fomento do 27.02.2023 coa conformidade da responsable da área xestora, de aprobación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. Informe de Intervención Xeral Municipal ref: 2023/259, do 10.03.2023, concluíndo: *"Procede a DEVOLUCIÓN do expediente en base aos informes obrantes no expediente que conclúen o seu carácter desfavorable pola seguinte consideración:*
*Única- Deberá modificarse o plan estratéxico a aprobar no sentido de excluír a subvención correspondente Área de Cohesión Social da Concellería de benestar Social, Inclusión e Persoas maiores á ONGD PARA A REALIZACIÓN DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO por importe de 40.000 € correspondente á aplicación orzamentaria 23179.78000 dado que á data actual non queda acreditada a efectividade dos recursos que financian a proposta, á vista do seu financiamento no Plan de Investimentos do Orzamento Xeral Municipal con cargo a operación de endebedamento.*
*E coas seguintes observacións:*
*Primeira: No informe-proposta do Servizo de Fomento na súa parte resolutiva deberá indicarse o importe totalizado do Plan Estratéxico de Subvencións que se pretende aprobar, e deberá suprimirse o parágrafo relativo á sua actualización.*
*Segunda: No relativo a subvención para rehabilitación do recinto histórico Fase XVI, dependente da área de sostenibliadade urbana, cómpre incluír os indicadores precisos para poder avaliar o grado de consecución dos obxectivos pretendidos coa mesma."*

4. Informe de Servizos Sociais asinado pola Técnica e mais a Xefa de Servizo do 15.03.2023, coa conformidade da responsable da área xestora (16.03.2023), relativa á necesidade da inclusión no Plan estratéxico de subvencións 2023-2025 da convocatoria de dirixida a ONGD para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, tras o informe de Intervención.

5. Informe proposta do Servizo de Fomento do 17.03.2023 coa conformidade da área xestora, de aprobación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, que se somete a fiscalización, concluíndo que recolle o establecido na normativa vixente en canto a liñas estratéxicas, obxectivos, accións, cronograma e custos.

6. Informe favorable de Intervención ref. 2023/ 426, do 11.04.2023, de fiscalización previa limitada, concluíndo: procede a tramitación do expediente con base nos informes que constan no expediente que conclúen o seu carácter FAVORABLE.

Por todo o exposto anteriormente, e en virtude do acordo número 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada o día 17 de xullo de 2019, relativo á delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nos/as tenentes/as delegados/as de área e nos concelleiros/as delegados/as no Concello de Lugo, resérvase á Xunta de Goberno Local a atribución establecida no apartado resolutivo primeiro (letra p): *"a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitadas en réxime de concurrencia competitiva e convenios*



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) ,
77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*reguladores das subvencións nominativas e a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións".*

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os exercicios 2023-2025 por un importe anual de 2.165.961 €, debidamente consignado no orzamento xeral 2023, e en consecuencia aprobar os anexos ao devandito Plan estratéxico, do seguinte teor literal:

**PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LUGO**
**PERÍODO**
**2023 - 2025**



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## Í N D I C E

**I. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

- **A) PREÁMBULO**
- **B) CONTEXTO NORMATIVO**

**II. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN**

**III. CONTIDO DO PLAN**

**IV. COMPETENCIA PARA a SÚA APROBACIÓN**

**V. ÁMBITO SUBXECTIVO**

**VI. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN**

**VII. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN**

- **A) MISIÓN**
- **B) OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU XERAIS**
- **C) PRINCIPIOS XERAIS**

**VIII. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN**

**IX. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN**

- **A) BENEFICIARIOS**
- **B) PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN**

**X. EFECTOS, PRAZOS PARA a SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO**

- **A) EFECTOS**
- **B) PRAZOS DE EXECUCIÓN**
- **C) CUSTOS PREVISIBLES**
- **E) FINANCIAMENTO**

**XI. CONTROL E SEGUIMENTO E TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS**

- **A) CONTROL E SEGUIMENTO**
- **B) TRANSPARENCIA**

**ANEXO I PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2023-2025**

**ANEXO II TOTALIZACIÓN IMPORTES PLAN ESTRATÉXICO. ANO 2023**



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS CONCELLO DE LUGO 2023-2025

## I. CONSIDERACIÓNS XERAIS

### A) PREÁMBULO

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Dende a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices da política presupostaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sosteñibilidade financieira e crecemento económico.

Dende esta perspectiva a Lei Xeral de Subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003 establece, como elemento de xestión e instrumento da devandita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións PES, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo elo con carácter previo á concesión.

Ademais, a lei formula un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte axeitado ao nivel de recursos invertidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, polo tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Configúrase así o plan estratéxico como o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

**B) CONTEXTO NORMATIVO**

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro de Subvencións, en diante LGS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en diante RGS, en Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e na Ordenanza Municipal de Subvencións publicada no BOP o 18 de maio de 2005.

A lei 38/2003 introduce, como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das Administracións Públicas, a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

A lei 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, recolle no seu articulo 8.1, *"Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria"*

O citado artigo 8 LGS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LGS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse deste.



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento Xeral da LGS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restriccións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 RBRL o marco normativo xeral compleméntase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- A Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Lugo aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2005, acordo núm 5/20, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 111 do 18 de maio de 2005.

- As Normas Municipais de Execución orzamentaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos Presupostos.

O PES estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións, e as propostas que se formulen, deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación de todos os Departamentos Municipais, responsables da xestión de subvencións no Concello de Lugo.

## II. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN

O PES é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro mediante a corrección das desviacións observadas.

E do expresado e da regulación do PES dedúcese que a súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando, para iso, as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais, a natureza do PES como instrumento de xestión de carácter programático e sen rango normativo, supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarios/as de subvencións, non creando, deste modo, dereitos nin obrigas para estes. A súa efectividade quedará condicionada á posta



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Polo tanto, o establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente.

Os seus efectos internos, non obstante, si supoñen vinculación para a Corporación municipal en dous sentidos. En primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan. E en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións, sen prexuízo das modificacións que se deriven dos informes de seguimento, nos termos do artigo 15 do Regulamento da Lei de Subvencións.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES ha de ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rentabilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados.

Configurado o PES como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Lugo, unha das principais utilidades que persegue é a sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos orzamentos, contribuíndo desta forma a unha avaliación futura da actual política de subvencións a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

## III. CONTIDO DO PLAN

O seu contido deberá axustarse ao previsto no artigo 12 do citado Regulamento que, igualmente, prevé a súa avaliación e seguimento. Neste sentido o citado artigo establece:

1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

**a) Obxectivos estratéxicos**, que describen o efecto e impacto que espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas presupostarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

**b) Liñas de subvención** nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3.º Prazo necesario para a súa consecución.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios/as das subvencións.

5.º Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

**c) Réxime de seguimento e avaliación** continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Para estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

**d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores** nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

No punto 2 establécese a posibilidade de que, en determinados casos, o contido do plan estratéxico se reduza á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiación. Neste caso, o PES non utiliza o contido reducido.

3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo para o período 2023-2025 recóllense no Anexo denominado "Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións Período 2023-2025" no que, clasificadas polos órganos xestores das subvencións, para cada unha delas especifícase:

- Obxectivos estratéxicos.

- Áreas de competencia afectadas

- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución

- Custos Previsibles e fontes de financiamento.

- Modalidade de concesión

- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.

- Plan de acción.

- Beneficiarios/as / Destinatarios/as.

- Previsión de actuacións para a efectiva igualdade.

- Réxime de Seguimento e Avaliación. Indicadores relacionados co obxectivos do Plan.

## IV. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é a Xunta de Goberno Local, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado g) do artigo 127 da Lei de bases de Réxime Local.

## V. ÁMBITO SUBXECTIVO

O presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo, inclúe as subvencións concedidas polo Concello a través dos seus distintos departamentos municipais.



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) ,
77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**VI. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN**

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, incluída a presente, abarcando, polo tanto, o período 2023-2025, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención teñan unha vixencia inferior.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituirse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas, poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguemento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos invertidos, ben por outros motivos debidamente xustificados.

Loxicamente, con ocasión das modificacións presupostarias que se pretendan introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos seus compoñentes permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do órgano xestor correspondente.

Non obstante ao final do período do Plan, presentarase para o seu ditame e aprobación, se procede pola Xunta de Goberno Local, dun documento resumo de todas as modificacións introducidas no Plan durante o período de vixencia 2023-2025.

**VII. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN**

**A) MISIÓN**

Representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello:

"**Impulsar, promover e potenciar** a participación da sociedade civil estruturada da nosa cidade nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente".

**B) OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU XERAIS**

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Describen o efecto e impacto que espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios.

Enténdese por subvención, para os efectos deste Plan, toda disposición monetaria realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

En canto aos obxectivos prioritarios atópanse o fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico, ademais de potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

Son **Obxectivos Xerais** do presente Plan estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Lugo para o período 2023-2025 os seguintes:

- Dar cumprimento ao mandato legal recollido no art. 8.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, que obriga aos Concellos que previamente á concesión de subvencións, procédase a aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico.

- Establecer e normalizar, para o conxunto das moi diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións do Concello un conxunto de principios e bases de execución comúns a estas.

- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.

- Regular, con carácter xeral, o réxime a que axustarase a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo Concello.

## C) PRINCIPIOS XERAIS

A regulación xurídica en materia de subvencións, así como das administracións públicas, establece uns principios xerais de actuación, que son elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións. Estes son:

**Principio de publicidade**: Este principio materialízase na convocatoria previa na que se garanta a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido ao respecto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, nas Bases de Execución do presuposto do Concello e demais normativa de aplicación.

**Principio de libre concorrencia**: O devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios/as, non restrinxindo o acceso aos que se atopen en igual de condicións, de tal maneira que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

**Principio de obxectividade**: A concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos no proceso de asignación dos fondos públicos, previamente establecidos na convocatoria co fin de garantir o seu coñecemento previo polos potenciais beneficiarios/as.

**Principios de transparencia e igualdade e non discriminación** na asignación dos recursos públicos. O devandito principio materialízase coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

**Principios de eficacia e eficiencia**: Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos mais eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

**Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto**: A concesión de subvencións axustarase a principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e á regra de gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.



MURALLA patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) ,
77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Principio de control e análise da adecuación** dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

**Igualdade efectiva entre mulleres e homes**: Para dar cumprimento ao establecido no artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, así como no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese o principio de igualdade no ámbito de aplicación do presente PES; debendo contribuír así á igualdade efectiva entre mulleres e homes, nas diferentes subvencións que se outorguen no marco deste PES, podendo incluír criterios de valoración específicos neste sentido.

## VIII. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas por Áreas de Goberno Municipal.

Non obstante, o detalle de cada unha delas atópase no Anexo I denominado "Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións Período 2023-2025".

### ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL

#### SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

- Liña de subvencións nominativas/convenios en materia de protección e benestar animal, co fin de favorecer a protección de animais abandonados no municipio, á concienciación e bo comportamento da cidadanía nesta materia, así como evitar que se produza a proliferación e posterior abandono dos animais; e vixilancia e control sanitario de colonias felinas controladas co fin da súa protección e control poboacional.

### ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

#### AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa á convocatoria de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para cofinanciar parcialmente proxectos e/ou actividades, consideradas de interese para a promoción económica deste municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo, no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, do emprego e da hostalaría do municipio de Lugo.



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES:**

- Liña de subvencións nominativas/convenios para a promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social:

Programas de información, atención e asesoramento en materia de discapacidade física ou psíquica, padecemento de enfermidades ou doenzas, atención a persoas transeúntes e sen teito, accións de promoción da integración das persoas de etnia xitana, programa de axudas económicas a colectivos en situación de elevada vulnerabilidade social e programas de acollemento estival de menores

- Liñas de subvencións. Convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva:

  - Subvencións para asociacións e entidades xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven programas no eido social que realizan actividades de marcado interese social para mellorar a calidade de vida de colectivos en risco de exclusión social.
  - Subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida, para fomentar a accesibilidade destas persoas mediante a utilización deste tipo de vehículo para os seus desprazamentos.
  - Subvencións para o mantemento de taxi-adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida, mediante o financiamento de gastos de mantemento deste tipo de transporte.
  - Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, para promover o desenvolvemento económico local de países menos desenvolvidos mediante o financiamento de gastos de investimento.
  - Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de sensibilización social no Concello de Lugo, coa finalidade de sensibilizar á poboación lucense mediante accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento.
  - Subvencións dirixidas ao financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no Concello de Lugo, que se atopen nunha situación socioeconómica que lles imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución Española.

**CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE MULLER E IGUALDADE:**

- Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da

Igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivosexual.

**CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES:**

**SECCIÓN DE DEPORTES:**

- Liña de subvencións nominativas para a promoción e difusión do deporte e da súa práctica por todos os sectores da poboación e dentro do ámbito do municipio de Lugo para satisfacer as demandas deportivas do conxunto da cidadanía e a potenciación e mellora do deporte na cidade de Lugo, fomentando, promovendo e difundindo o deporte e a súa práctica, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente ás asociacións deportivas máis representativas do Concello de Lugo.

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa á convocatoria de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de deportes e para a promoción e o fomento do deportes e actividade física no Concello de Lugo.

**SECCIÓN DE XUVENTUDE:**

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa á convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións xuvenís, entidades sen ánimo de lucro e asociacións de recreación histórica encamiñados a actividades dirixidas a mocidade lucense de ocio, tempo libre,formación, etc e todas aquelas relacionadas ca recreación histórica do pasado romano/castrexo da cidade.

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA:**

- Liña de subvencións nominativas de apoio ás asociacións para desenvolvemento de proxectos culturais, proxectos de promoción cultural de lugo e proxectos de promoción e apoio á hostalería local.

- Liña de subvencións nominativas de apoio ás asociacións para desenvolvemento de proxectos de promoción da Semana Santa Lucense, Festa de interesa turístico de Galicia, para posibilitar e fomentar o desenvolvemento de diferentes proxectos de índole turístico-relixiosa.

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa á convocatoria da concesión de subvencións a asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no ámbito da cultura, que poden ter cabida na prestación de servizos culturais á cidadanía, co fin de promover a vida local cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música.



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO:**

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa na concesión de subvencións ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no Concello de Lugo, co fin de fomentar as actividades que impliquen a participación das familias no sistema educativo, mellorando a formación e coñecemento deste e axudando, nun último termo, a súa participación na vida dos centros.

**ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SEVIZOS PARA A VECIÑANZA:**

- Liña de subvencións nominativas de apoio á prestación de primeiros auxilios durante a celebración de eventos colectivos no municipio de Lugo a través do Comité Provincial de Cruz Roja Española en Lugo, co fin de posibilitar a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario en actuacións de carácter preventivo, nas celebracións de actos culturais, deportivos, festivos ou similares.

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva relativa á convocatoria de subvencións de participación cidadá que terán como entidades destinatarias as asociacións de veciñas e veciños sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo para posibilitar e fomentar o desenvolvemento de diferentes proxectos en materia de Participación Cidadá relacionados coa veciñanza.

**ÁREA DE SOSTENIBILIDADE URBANA:**

- Liña de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para a rehabilitación do recinto histórico de LUGO_FASE XVI financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana así como pola Comunidade Autónoma de Galicia a xestionar pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo do Concello de Lugo.

## IX. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN

### A) BENEFICIARIOS

Terá a consideración de beneficiario/ra de subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

En cada convocatoria ou convenio, dentro do marco legal e a natureza e os fins de cada liña de subvencións, concretarase o beneficiario/ra da respectiva subvención.

**B) PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN**

O Concello de Lugo concederá subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidade de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos Orzamentos Xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

* Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.

* Fomentar unha actividade de interese social.

* Fomentar asociacións o obxecto das cales sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as.

* Coadxuvar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades"

Aos efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

* Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva, será o procedemento ordinario de concesión, e que se corresponde con aquel no que, a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

* Subvencións nominativas previstas nos orzamentos anuais, que se incorporarán na área e liña que corresponda deste plan estratéxico, en función dos obxectivos, e a consignación nominativa no orzamento inicial ou nas súas modificacións, non suporá ningún dereito subxectivo para os beneficiarios/ras.



| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do Plan | Se leva a cabo unha avaliación por cada subvención concedida, tendo en conta diferentes indicadores a aplicar, para despois analizar o grao do seu cumprimento:<br>- Nº de solicitudes<br>- Nº concesións<br>- Nº de denegacións<br>- Total crédito concedido<br>- Contía media das axudas<br>- Nº de participantes.<br>- Custo da actividade en relación ao retorno do gasto.<br>- Porcentaxe de execución do presuposto destinado.<br>- Impacto social na cidade.<br><br>-Presentaráse unha Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.<br><br>- Para a obtención da subvención haberase de xustificar con carácter previo á súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior. |

## ÁREA: COHESION E DINAMIZACION SOCIAL
## CONCELLERÍA XUVENTUDE E DEPORTES

LIÑA DE SUBVENCIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA

TOTAL CONCORRENCIA COMPETITIVA 10.000 según Orzamento Xeral 2023

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | O obxectivo xeral é o de apoiar iniciativas, actuacións e programas de prevención, atención, que complementen ou suplan a intervención dos servizos municipais, dentro do seu marco de competencias e dirixidos á comunidade en xeral e en concreto aos sectores de poboación de idade entre 12 a 30 anos e tamén todos os programas e actuacións que fomenten a recreación histórica na cidade. |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) ,
77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | Os conceptos que son acometidos polas diferentes asociacións, por grupos de afinidade, colectivos ou sectores aos que se dirixen as axudas, van encamiñados a actividades dirixidas a mocidade lucense de ocio,tempo libre,formación, etc e todas aquelas relacionadas ca recreación histórica do pasado romano/castrexo da cidade.<br><br>COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>3) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribuan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.<br>4) O municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos térmos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na seguintes materias:<br>Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.<br>Lei 5/1997, do 2 de xullo de Administración local de Galicia.<br>Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións<br>- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de subvencións. |
| 3ª.-Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | Fortalecer o movemento local de asociacións xuvenís, entidades sen ánimo<br>de lucro e asociacións de recreación histórica.<br> fomento da formación, creación, promoción e difusión xuvenil e cultural en<br>todas as súas manifestacións e formas que tendan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais dos/as mozos/as do Municipio de Lugo.<br> A planificación de actividades de animación xuvenil (ocio e tempo libre).<br> A planificación de actividades de información e asesoramento aos/ás mozos/as do Concello de Lugo.<br> A planificación de programas de voluntariado xuvenil.<br> A realización de actividades que fomenten a igualdade e a integración entre<br>os/as mozos/as, así como a sensibilización e interculturalidade.<br> A colaboración no desenvolvemento e proxectos que complementen as<br>actividades promovidas polo Concello de Lugo<br> A colaboración no desenvolvemento de actividades relacionadas co Arde<br>Lucus e coa recreación histórica da cidade. |
| 4º.- Ámbito temporal/ Prazo necesario para a súa consecución | Anos 2023-2025.<br>Convocatoria de duración anual |
| 5º.- Custes previsibles para a súa realización.<br>Fontes de financiación<br>Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br><br>Exercicio 2023: 10.000,00<br>Exercicio 2024: 10.000,00<br>Exercicio 2025: 10.000,00 |
| 6º.- Modalidade de Concesión | - Concorrencia competitiva **X**<br>- Directa/nominativa por convenio |
| 7º.- Aplicación orzamentaria | 3370048900<br>Total destinado: 10.000,00 euros |
| 8º.- Plan de acción: líñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | Ordenanza Xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do concello de Lugo, así como a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo, así como a demás normativa que lle é de aplicación.<br><br>As bases reguladoras de cada tipo de subvención se publicarán no Boletín |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións, con independencia de que estas Bases sexan publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Lugo.<br><br>A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contenido económico.<br><br>Mediante convocatoria pública cos seguintes apartados:<br>- Marco da convocatoria<br>- Obxecto da convocatoria<br>- Requisitos das iniciativas obxecto de subvención<br>- Entidades destinatarias<br>- Consignación presupostaria e contía da subvención<br>- Prazo de solicitude e documentación a presentar<br>- Subsanación de defectos na solicitude<br>- Órgano avaliador<br>- Criterios de adxudicación das subvencións<br>- Resolución da convocatoria<br>- Pago da subvención<br>- Xustificación de gastos<br>- Obrigas da entidade ou persoa beneficiaria<br>- Reintegro<br>- Infraccións e sancións<br>- Normativa aplicable<br>- Anexos: solicitude, esquema do proxecto a subvencionar, declaración xurada, declaración responsable de non solicitude axuda a outra entidade, certificación, facturas e balance de ingresos e gastos do proxecto.<br><br>Calendario de elaboración:<br>As solicitudes de axuda serán presentadas no rexistro municipal e calquera outro medio conforme a LRXPAC<br><br>O pagamento efectuarase unha vez recibidas e revisadas todas as solicitudes e as xustificacións dos gastos derivados da actividade subvencionada. |
| 9º.- Beneficiarios | Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.<br>b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas obrigatoriamente no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, ainda qu e poidan figurar noutros rexistros públicos.<br>c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social<br>d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.<br>e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións<br>concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.<br>f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da xuventude e da recreación histórica.<br>g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de Xuventude realizada pola Área de Cohesión e Dinamización Social.<br>h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2022.<br>i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de<br>actividades anual e renovación dos membros da directiva.<br>j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016). |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| 10º.- Se preven nas bases da convocatoria actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes? | SI X<br>NON<br>No apartado de Criterios de valoración e contía da subvención valorase o seguinte :<br>" Cando a xunta directiva se incorporen mulleres ( 0,20 por cada membro da xunta directiva muller) |
| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do Plan | - Os <u>indicadores</u> son os seguintes:<br>- núm. de solicitudes<br>- núm. de concesións<br>- total crédito concedido<br>- contía media das axudas.<br>- Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.<br>- Para a obtención da subvención haberase de xustificar con carácter previo á súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior. |

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.**
LIÑA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVAS

APOIO A ASOCIACIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS, PROXECTOS DE PROMOCIÓN CULTURAL DE LUGO E PROXECTOS DE PROMOCIÓN E APOIO Á HOSTALERÍA LOCAL.

**TOTAL NOMINATIVAS CULTURA: 115.900,00 €**

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | Existe a necesidade de promover inquietudes que favorezan o desenvolvemento de actividades por parte de toda a cidadanía.<br>O desenvolvemento do tecido asociativo é esencial para o desenvolvemento da vida comunitaria como un elemento posibilitador da acción fora do marco da Administración Pública<br><br>O Obxectivo xeral da liña de subvencións nominativas é apoiar iniciativas, actuacións e programas de promoción cultural que posibiliten e fomenten o desenvolvemento cultural da cidade de Lugo no eido da cultura, da música, da literatura, da fotografía, do cine, da lingua galega e outras facetas culturais realizados por diferentes colectivos locais de carácter cultural, contribuíndo a sufragar os gastos derivados da realización de ditas iniciativas,proxectos e actividades.<br><br>Igualmente preténdese con esta liña de subvencións nominativas apoiar á hostalería local a través da súa asociación ao ser un sector importante no desenvolvemento económico do municipio.<br>Enmárcase nestas liñas de subvencións nominativas facer posible e apoiar as actuacións de promoción das feiras e exposicións de carácter local ou non, que reporten riqueza no municipio, así como seguir apoiando a realización de actividades lúdicas, culturais e de lecer desenvolvidas tradicionalmente por entidades lucenses. |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | As axudas diríxense ás entidades e colectivos relacionados coa promoción da cultura, e a promoción económica de Lugo a través da realización de actividades de carácter cultural no eido da música como a celebración de festivais de música: Festival de Jazz ou concertos da Sociedade filarmónica lucense; no eido do cine, coa celebración da |

| | |
|---|---|
| | Semana de cine de autor; no eido das letras como a celebración da Gala das letras, ou o Correlingua, obradoiros e actividades de ocio para público infantil realizados na Fundación de Feiras como o Xuvenlugo, actividades culturais de diferente natureza en colaboración coa USC: Lugo cultural que supón un incremento na oferta cultural con disciplinas como o teatro, a música e danza, a colaboración co Circulo das Artes no apoio e mantemento do Salón Rexio no que se realizan actividades de carácter municipal, colaboración coa Fundación Manuel María ou Rosalía de Castro para o mantemento e divulgación do seu legado, e promoción e estudio da súa obra, así como a colaboración coa asociación de Hostalería para realizar o Concurso de Tapas.<br><br>COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>1) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.<br>2) O municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na seguintes materias:<br>m) Promoción da cultura e equipamentos culturais<br>i) Feiras, abastos, mercados , lonxas e comercio ambulante.<br><br>- Lei 5/1997, de 2 de xullo de Administración Local de Galicia.<br>- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.<br>- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.<br>- Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, publicada no BOP nº 111 do 18 de maio de 2005.<br>- Bases de execución do Orzamento do exercicio 2023. |
| 3ª.-Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade.<br>- Acercar o mundo da música á poboación.<br>- Promover a hostalería lucense coa celebración do Concurso de Tapas e outras iniciativas, a través da súa asociación, como foco de atracción turística da cidade.<br>- Apoiar a universidade de Santiago de Compostela-USC- no programa Lugo Cultural que se ven desenvolvendo na cidade dende hai anos e que abrangue o teatro, música, danza e outras disciplinas artísticas.<br>- Fomentar a lingua galega apoiando aos escritores tanto no seu uso como nas súas obras. Gala das letras, Premios AELG, Correlingua<br>- Apoiar á Asociación Fonmiñá na realización do ciclo cinematográfico, con arraigo na cidade que se ven desenvolvendo dende hai 41 anos.<br>- Contribuír á divulgación do legado do escritor Manuel María apoiando as actividades culturais realizadas na Casa Manuel María e ao seu mantemento.<br>- Colaborar co mantemento do local Salón Rexio do Círculo das Artes, no que se celebran actividades municipais.<br>- Promover a Casa Museo de Rosalía de Castro e o legado da escritora, difundindo e estudiando a sú obra. |
| 4º.- Prazo de execución | 2023-2025. |
| 5º.- Custos previsibles para a súa realización. | Recursos propios do Concello |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| Programación plurianual. | - CÍRCULO DE LAS ARTES.<br>Exercicio 2023: 5.500,00.- €<br>Exercicio 2024: 5.500,00.- €<br>Exercicio 2025: 5.500,00.- €<br><br>- Fundación MANUEL MARÍA.<br>Exercicio 2023: 4.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 4.000,00.- €<br>Exercicio 2025: : 4.000,00.- €<br><br>- SOCIEDADE FILARMÓNICA LUCENSE.<br>Exercicio 2023: 4.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 4.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 4.000,00.- €<br><br>- Asociación de ESCRITORES EN LINGUA GALEGA<br>Exercicio 2023: 6.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 6.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 6.000,00.- €<br><br>- Asociación Provincial de HOSTALERÍA de Lugo.<br>Exercicio 2023: 18.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 18.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 18.000,00.- €<br><br>-GRUPO CINEMATOGRÁFICO FONMIÑÁ<br>Exercicio 2023: 20.400,00.- €<br>Exercicio 2024: 20.400,00.- €<br>Exercicio 2025: 20.400,00.- €<br><br>- Asociación AMIGOS DO JAZZ<br>Exercicio 2023: 25.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 25.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 25.000,00- €<br><br>- USC- LUGO CULTURAL<br>Exercicio 2023: 20.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 20.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 20.000,00.- €<br><br>- Fundación FEIRAS E EXPOSICIÓNS de Lugo<br>Exercicio 2023: 7.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 7.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 7.000,00.- €<br><br>- Asociación CORRELINGUA<br>Exercicio 2023: 3.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 3.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 3.000,00.- €<br><br>- Fundación ROSALÍA DE CASTRO<br>Exercicio 2023: 3.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 3.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 3.000,00.- € |
| 6º.- Modalidade de | ~~- Concorrencia competitiva~~ |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| Concesión | - Directa/nominativa por convenio **X** |
| 7º.- Partida orzamentaria | 33000.48900<br>Total destinado: 115.900,00 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | *O plan de acción rexerase polo convenio de colaboración que se subscribe.*<br>CONVENIOS:<br>- Aprobación orzamentaria no exercicio<br>- Recepción da solicitude da realización do convenio e a memoria inicial<br>- Realización da memoria xustificativa<br>- Firma do convenio<br>- Entrega de memoria económica e técnica<br>- Realización do informe final |
| 9º.- Beneficiarios | Entidades e asociacións que o seu ámbito de actuación é a promoción, creación, formación e difusión da cultura e actividades culturais, dentro das cales enmárcanse a música, a fotografía, a lingua galega a literatura e o cine:<br>- Circulo das Artes.<br>- Fundación Manuel María.<br>- Sociedade Filarmónica Lucense.<br>- Asociación de Escritores en Lingua Galega.<br>- Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá.<br>- Asociación Amigos do Jazz.<br>- USC Lugo Cultural.<br>- Asociación cultural Correlingua.<br>- Fundación Rosalía de Castro.<br><br>Entidades e asociacións que o seu ámbito de actuación é a promoción económica do municipio así como a promoción turística da cidade que consecuentemente propicia o seu crecemento económico:<br>- Asociación Provincial de Hostaleiros de Lugo<br>- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo |
| 10º.- Previsión de actuacións para consecución igualdade | * NON |
| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do Plan | En cada convenio recóllese a existencia dunha Comisión de seguimento, control e avaliación, composta pola Concelleira Delegada da Área de Cultura, que poderá delegar no funcionario/a da mesma unidade que estime oportuno, e polo representante legal da entidade ou pola persoa na que delegue.<br><br>A comisión terá as seguintes funcións:<br>1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.<br>2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio<br><br>Levarase a cabo unha avaliación por cada subvención concedida, tendo en conta diferentes indicadores a aplicar, para posteriormente analizar o grao do seu cumprimento:<br>- Actuacións realizadas.<br>- Nº de participantes.<br>- Custo da actividade en relación ao retorno do gasto.<br>- Porcentaxe de execución do presuposto destinado. |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | - Impacto social na cidade.<br><br>As entidades deberán de presentar unha Memoria xustificativa da actividade subvencionada, mediante a que se comprobará o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.<br><br>Para a obtención da subvención terase que xustificar con carácter previo á súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior. |

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.**
LIÑA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVAS

APOIO A ASOCIACIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN DA SEMANA SANTA LUCENSE. FESTA DE INTERESA TURÍSTICO DE GALICIA.

**TOTAL NOMINATIVAS TURISMO: 6.000,00 €**

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | Existe a necesidade de promover inquietudes que favorezan o desenvolvemento de actividades por parte de toda a cidadanía.<br>O desenvolvemento do tecido asociativo é esencial para o desenvolvemento da vida comunitaria como un elemento posibilitador da acción fora do marco da Administración Pública.<br><br>O Obxectivo xeral da liña de subvencións nominativas é posibilitar e fomentar o desenvolvemento de diferentes proxectos de índole turístico-relixiosa.<br><br>Igualmente preténdese con esta liña de subvencións nominativas promover o achegamento de persoas á capital lucense tanto levados polo sentimento relixioso como polo acto social que en si supón o desfile dos pasos da Semana Santa polo casco histórico da cidade, propiciando así un incremento na economía local. |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | A Semana Santa de Lugo, foi declarada festa de interese turístico de Galicia, polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de marzo de 2019.<br>A Semana Santa lucense comeza o venres de Dores e dura máis dunha semana, finalizando o domingo de Resurrección.<br>Os actos correspondentes a esta celebración son organizados pola Xunta de Confrarías da Semana Santa, contando con diferentes actos de carácter relixioso, cultural e de ocio que lle confiren un atractivo especial á cidade durante a súa celebración, resultando o programa un reclamo para un gran número de visitantes que durante esa época percorren as rúas da cidade, e contribuíndo á xeración da economía turística da mesma.<br><br>COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>1) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.<br>2) O municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na seguintes materias:<br>h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.<br>- Lei 5/1997, do 2 de xullo de Administración Local de Galicia.<br>- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.<br>- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da -<br>- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.<br>- Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, publicada no BOP nº 111 do 18 de maio de 2005.<br>- Bases de execución do orzamento do exercicio 2023. |
| 3ª.-Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | - Apoiar a iniciativa de promoción, creación e difusión da cultura relixiosa da cidade.<br><br>- Colaborar coa Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo, no financiamento dos actos da Semana Santa lucense<br><br>- Promover a cidade de Lugo, contribuíndo a mellorar e ampliar a oferta cultural da mesma, e atraendo a un gran número de visitantes durante esas datas.<br><br>- Contribuír á conservación da declaración da Semana Santa Lucense como Festa de interese Turístico de Galicia. |
| 4º.- Prazo de execución | 2023-2025. |
| 5º.- Custos previsibles para a súa realización. Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br>- XUNTA DE CONFRARÍAS DE SEMANA SANTA.<br>Exercicio 2023: 6.000,00.- €<br>Exercicio 2024: 6.000,00.- €<br>Exercicio 2025: 6.000,00.- € |
| 6º.- Modalidade de Concesión | - ~~Concorrencia competitiva~~<br>- Directa/nominativa por convenio **X** |
| 7º.- Partida orzamentaria | 43200.48900<br>Total destinado: 6.000 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | *O plan de acción rexerase polo convenio de colaboración que se subscribe.*<br>CONVENIOS:<br>- Aprobación orzamentaria no exercicio<br>- Recepción da solicitude da realización do convenio e a memoria inicial<br>- Realización da memoria xustificativa<br>- Firma do convenio<br>- Entrega de memoria económica e técnica<br>- Realización do informe final |
| 9º.- Beneficiarios | A Asociación da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo, como entidade con ámbito de actuación local, é unha asociación pública de fieles dentro da Igrexa Católica que ten como finalidade promover a coordinación, representatividade e participación das confrarías de Semana Santa de Lugo. Ademais de procurar a conxunción de todos os actos das irmandades, coida, entre outros aspectos, o carácter relixioso dos desfiles procesionais. |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | É beneficiaria intermedia, toda a cidadanía de Lugo, así coma os sectores económicos directamente afectados como é a hostalaría. |
| 10º.- Previsión de actuacións para consecución igualdade | NON |
| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do Plan | En cada convenio ven recollida a constitución dunha Comisión de seguimento, control e avaliación, composta pola Concelleira Delegada da Área de Cultura, que poderá delegar no funcionario/a da mesma unidade que estime oportuno, e polo representante legal da entidade ou pola persoa na que delegue.<br><br>A comisión terá as seguintes funcións:<br>1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.<br>2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.<br><br>Levarase a cabo unha avaliación por cada subvención concedida, tendo en conta diferentes indicadores a aplicar, para posteriormente analizar o grao do seu cumprimento.<br>- Actos realizados. (comparación con anos anteriores, p.exemplo)<br>- Nº de participantes.<br>- Custo da actividade en relación ao retorno do gasto.<br>- Porcentaxe de execución do presuposto destinado.<br>- Impacto social na cidade.<br><br>- A entidade deberá de presentar unha Memoria xustificativa da actividade subvencionada, mediante a que se comprobará o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.<br><br>- Para a obtención da subvención terase que xustificar con carácter previo á súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior. |

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**
LIÑA DE SUBVENCIÓN CONCORRENCIA COMPETITIVA

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA APOIO A PROXECTOS CULTURAIS.

**TOTAL CONCORRENCIA COMPETITIVA CULTURA: 14.900,00 €**

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | O artigo 44.1 da Constitución española indica que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”<br><br>No eido da cultura unha finalidade básica é promover a vida cultural no municipio, e impulsar a actuación conxunta complementaria e coordinada do concello e a iniciativa social en materia cultural.<br><br>As asociacións culturais son elementos de participación que favorecen a integración dos cidadáns e cidadás na sociedade, a través do desenvolvemento de actividades para a cidadanía. |

| | |
|---|---|
| | O obxectivo estratéxico xeral é apoiar iniciativas, actuacións e programas de promoción cultural, que complementen ou suplan a intervención dos servizos culturais municipais, dentro do seu marco de competencias, que van dirixidos á comunidade en xeral. Apoiar ás asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, así coma no mantemento de infraestructura e locais onde se desenvolven ditos programas e actividades. |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | Convocatoria da concesión de subvencións a asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no ámbito da cultura (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua) e para mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas, nas que se levan a cabo estes programas e actividades.<br><br>Convocatoria de concesión de subvencións para as asociacións culturais co fin de promover a vida local cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música, como poden ser: charlas e coloquios, conferencias, publicacións, exposicións, concertos, obradoiros artísticos, teatro, cine, danza, etc.. entendéndose que as iniciativas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro poden ter cabida na prestación de servizos culturais á cidadanía. A Administración Local no ánimo da promoción da cultural local, aproba e impulsa estas actuacións concedendo axudas para materializalas e que estas sexan unha realidade.<br><br>COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>1) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.<br>2) O municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas seguintes materias:<br>m) Promoción da Cultura e equipamentos culturais<br><br>- Lei 5/1997, de 2 de xullo de Administración Local de Galicia.<br>- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.<br>- Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, publicada no BOP nº 111 do 18 de maio de 2005.<br>- Bases de execución do Orzamento do exercicio 2023. |
| 3ª.-Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | -Promover e estimular a creación, producción e distribución e consumo das artes incrementando o número de actividades artístico- culturais na cidade de Lugo.<br>-Difundir os valores culturais lucenses e galegos.<br>-Fomentar as diferentes expresións da cultura.<br>-Promover a participación dos cidadáns e cidadás na vida local e cultural no eido das artes, letras, ciencias e música, mediante charlas e coloquios, conferencias, danza, teatro, cine, publicacións, exposicións, concertos, obradoiros artísticos, etc.<br>-Financiar os gastos de actividades de carácter cultural das asociacións e entidades sen ánimo de lucro que contribúen ao incremento da participación dos cidadáns e cidadás na vida cultural da |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible
CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | cidade. |
| 4º.- Ámbito temporal/ Prazo necesario para a súa consecución | Anos 2023-2025.<br>Convocatoria de duración anual |
| 5º.- Custes previsibles para a súa realización.<br>Fontes de financiamento<br>Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br>- Convocatoria Asociacións CULTURAIS:<br>Exercicio 2023: 14.900,00.- €<br>Exercicio 2024: 14.900,00.- €<br>Exercicio 2025: 14.900,00.- € |
| 6º.- Modalidade de Concesión | - Concorrencia competitiva **X**<br>~~- Directa/nominativa por convenio~~ |
| 7º.- Partida orzamentaria | 33000.48900<br>Total destinado: 14.900,00 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, así como a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e o seu regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo, así como a demais normativa que lle é de aplicación.<br>As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións, con independencia de que estas Bases sexan publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Lugo.<br>A existencia de crédito adecuado é suficiente para atender as obrigas de contido económico.<br><br>Mediante convocatoria pública cos seguintes apartados:<br>- Marco da convocatoria<br>- Obxecto da convocatoria<br>- Requisitos das iniciativas obxecto de subvención<br>- Entidades destinatarias<br>- Consignación orzamentaria e contía da subvención<br>- Prazo de solicitude e documentación a presentar<br>- Corrección de defectos na solicitude<br>- Órgano avaliador<br>- Criterios de adxudicación das subvencións<br>- Resolución da convocatoria<br>- Xustificación de gastos<br>- Pago da subvención<br>- Obrigas da entidade ou persoa beneficiaria<br>- Reintegro<br>- Infraccións e sancións<br>- Normativa aplicable<br>- Anexos: solicitude, esquema do proxecto a subvencionar, declaración xurada, declaración responsable de non solicitude axuda a outra entidade, certificación, facturas e balance de ingresos e gastos do proxecto.<br><br>Calendario de elaboración:<br>As solicitudes de axuda serán presentadas no rexistro municipal e calquera outro medio conforme a LRXPAC.<br>O pagamento efectuarase unha vez recibidas todas as solicitudes e as xustificacións dos gastos derivados da actividade subvencionada. |
| 9º.- Beneficiarios | Os destinatarios destas axudas son directamente as Asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e |



FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 33839390L-Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 24/04/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 25/04/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 25/04/2023)
Versión imprimible

CVD: SQSBlZEjy+WuaaBSoepM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | domiciliadas no Concello de Lugo, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de Fundacións ou calquera outro rexistro público, que teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de proxectos e programas no eido da cultura, complementando a programación de animación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. |
| 10º.- Prevense nas bases da convocatoria actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes? | • SI, así consta mediante fórmulas recollidas nos criterios de valoración das propias bases, outorgando puntuación a aquelas entidades que conten cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade, e a aquelas que conten na súa directiva como mínimo, cun 50% de mulleres.<br>• Recóllese tamén a valoración de actividades que promovan a igualdade, non discriminación e educación en valores. |
| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do Plan | Lévase a cabo unha avaliación por cada subvención concedida, tendo en conta diferentes indicadores a aplicar, para despois analizar o grao do seu cumprimento:<br>- Nº de entidades subvencionadas<br>- Total crédito concedido<br>- Nº de denegacións<br>- Contía media das axudas<br>- Nº de actuacións realizadas.<br>- Nº de participantes.<br>- Custo da actividade en relación ao retorno do gasto.<br>- Porcentaxe de execución do presuposto destinado.<br>- Impacto social na cidade.<br>- As entidades deberán de presentar unha Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou a subvención.<br>- Para a obtención da subvención terase que xustificar con carácter previo a súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior. |

**ÁREA: CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**
**CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO**

LIÑA DE SUBVENCIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA
TOTAL CONCORRENCIA COMPETITIVA 10.000€

SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPAS) DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | O obxecto da concesión é o fomento e apoio das asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos. Considérase que a participación das familias na educación é un factor fundamental para conseguir o éxito educativo. É preciso apoiar dende as institucións esta participación dentro do ámbito das competencias que ten cada Administración, motivo desta liña de subvención en réxime de concorrencia competitiva para as asociacións de pais e nais co fin de fomentar as actividades que impliquen a participación das familias no sistema educativo, mellorando a formación e coñecemento |

| | |
|---|---|
| | deste e axudando, nun último termo, a súa participación na vida dos centros. |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | - Programas dirixidos á realización de actividades específicas de promoción e participación educativa, coa finalidade do fomento da formación e coñecemento, actividades destinadas á mellora das capacidades eminentemente educativas no ámbito das asociacións de pais e nais dos centros escolares e da comunidade educativa en xeral.<br>- Fomento das asociacións e entidades sen ánimo de lucro (ANPAS) que promovan accións educativas e sempre que constaten que levan a cabo actividades de formación e integración do ámbito familiar cos escolares dos centros educativos sostidos con fondos públicos.<br>- Realización de actividades para formación de pais e nais dentro do contexto educativo de ámbito escolar nos centros escolares do municipio de Lugo.<br>A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nestas bases, na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; no que proceda á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa xeral de aplicación. |
| 3ª.-Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | Fomento daqueles entidades e asociación sen ánimo de lucro (ANPAS) nas que o seu obxectivo de intervención se centre nas familias e nos menores e adolescentes residentes ou con domicilio no municipio de Lugo, e sempre que constaten que leven a cabo os programas ou actuacións que leven acabo os obxectivos propostos. |
| 4º.- Ámbito temporal/ Prazo necesario para a súa consecución | Anos 2023-2025.<br>Convocatoria de duración anual |
| 5º.- Custes previsibles para a súa realización.<br>Fontes de financiación<br>Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br><br>Exercicio 2023: 10.000€<br>Exercicio 2024: 10.000€<br>Exercicio 2025: 10.000€ |
| 6º.- Modalidade de Concesión | Concorrencia competitiva |
| 7º.- Aplicación orzamentaria | Partida orzamentaria 32000.48900<br>Total destinado: 10.000 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | Ordenanza Xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do concello de Lugo, así como a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo, así como a demás normativa que lle é de aplicación.<br><br>As bases reguladoras de cada tipo de subvención se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións, con independencia de que estas Bases sexan publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Lugo. |



